

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Contratos administrativos

POLO QUE SE PUBLICA A LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REXENERACIÓN DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO" CON CARGO Ó PLAN PROVINC. DE OBRAS E SERVIZOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O presente anuncio de licitación se emite en cumprimento do ordeado pola Xunta de goberno local (órgano de contratación por delegación de alcaldía), na sesión ordinaria de 04.04.2016, por mor da rectificación e subsanación de erros materiais ou de feito advertidos na memoria do proxecto de obra de referencia e da apertura dun NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS, previa publicación dun novo anuncio de licitación no BOP de Pontevedra.

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

Datos xerais e datos para obtención de información.

- a) Organismo: Concello de Bueu.
- b) Órgano de Contratación: Xunta de goberno local
- c) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación do Departamento de Secretaría.
- d) Núm. de expediente: S/C 45-15
- e) Dirección: R. Eduardo Vincenti, núm. 8. Bueu (Casa consistorial/segundo andar)
- f) Procedemento para resolución dúbidas dos pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT): O sinalado na cláusula 5ª dos PCAP
- g) Obtención de documentación e información:
 - Teléfono: 986390029
 - Fax:986322099
 - Correo electrónico: contratacion@concellodebueu.org
secretaria@concellodebueu.org
 - Dirección do perfil de contratante: www.concellodebueu.org



- Data límite obtención documentación e información: ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas na dependencia que tramita o expediente.

2. OBXETO DO CONTRATO E PRAZO DE EXECUCIÓN

a) Tipo: Administrativo de obras

b) Obxecto: “REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO”

c) CPV: 45111100-9, 45111213-4, 45111214-1,45432112-2 (Quedan eliminados os códigos correspondentes ao grupo 45112710-5 Traballos de paisaxismo en zonas verdes e79996100-3 Xestión de residuos” por mor da rectificación sinalada no encabezamento do presente anuncio).

d) Prazo de execución: TRES (3) MESES contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto cun único criterio de adxudicación (prezo)

c) Criterio de adxudicación: a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpore o prezo máis baixo no seu conxunto.

4. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO

a) Valor estimado: Coincidente co importe do proxecto que ascende á cantidade de 95.467,77.-€

b) IVE aplicable: 21%

c) Importe do IVE: 20.048,23.-€

d) Prezo de licitación: 115.516,00.-€ , IVE incluído

e) Aplicación orzamentaria: 450.61900.01 do orzamento vixente.

f) O investimento conta coa participación da Deputación provincial de Pontevedra por mor da subvención concedida ao concello de Bueu con cargo ao PPOS 2015 para o investimento de referencia:

Identificación do investimento	Orzamento aceptado	Importe da axuda	% de financiamento
REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO”. PPOS/15/00930/201500288	115.516,00.-€	115.516,00.-€	100 %



5. REVISIÓN DE PREZOS:

Non procede.

6. GARANTÍAS ESIXIDAS

- a) Garantía provisional: Exento
- b) Definitiva: 5% do prezo de adxudicación

7. REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA

- a) Clasificación: Non esixible

b) Medios de acreditación da solvencia: Indistintamente mediante a clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato (Grupo G Viais e pistas, Subgrupo 6 Obras viais sen cualificación específica, Categoría 1./Quedan eliminados o subgrupo 4 do grupo G, o Grupo I Instalacións eléctricas e o Grupo K Especiais por mor da rectificación sinalada no encabezamento do presente anuncio) ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos nos PCAP mediante a presentación dos documentos que se indican no apartado F) da documentación que figura no reverso do modelo de declaración responsable (anexo II dos PCAP)

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

a) Novo prazo: Durante os 26 días naturais seguintes ao da publicación do presente novo anuncio de licitación no BOP.

Dentro do novo prazo de presentación de proposicións os licitadores que xa houberan presentado a súa proposición dentro do prazo anteriormente concedido (que resulta do anuncio de licitación publicado inicialmente no BOP núm. 64 de 05.04.2016) poderán optar entre retirar a súa oferta ou mantela mediante a presentación da correspondente solicitude no rexistro xeral do concello dentro do novo prazo de presentación de proposicións.

- b) Lugar de presentación:

- Dependencia: Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial
- Horario: oito a catorce horas, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados.
- Domicilio: R. Eduardo Vincenti, núm. 8. Bueu (Casa consistorial/primeiro andar)



9. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

a) Declaración responsable e documento de aceptación de forma de comunicación/notificación: estes documentos presentaranse de forma independente e fóra do sobre no que se presentará a oferta económica de acordo cos requisitos esixidos na cláusula 10.2.1 dos PCAP.

b) SOBRE ÚNICO PECHADO: SUBTITULADO “OFERTA ECONÓMICA”, no que figurará externamente o nome do licitador e no seu caso, do representante, domicilio social, teléfono, correo electrónico e fax, a efectos de comunicación, así como o título da obra “REXENERACION DO ENTORNO DA IGREXA DE ERMELO” e incluírá a documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.2.2 dos PCAP.

10. APERTURA DE OFERTAS

En acto público, no salón de plenos da casa consistorial, ás 10 horas do quinto día hábil (non sábado) seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de ofertas. (cláusula 12.2 dos PCAP).

11. GASTOS DO ANUNCIO

A cargo do adxudicatario (cláusula 12.3.c dos PCAP) (obriga de abono ata un máximo de 1000 euros).

Bueu, a 08 de abril de 2016.—O alcalde, Félix Juncal Novas.

